

CAPACIDADE LECTIVA E TITORIAL DAS ÁREAS DE COÑECIMENTO - 2010-11

Aprobado no Consello de Goberno do 17/02/2010

En tanto non se dispoña dunha nova regulamentación sobre réxime de profesorado, para o presente curso académico 2010-11, as obrigas docentes, relativas á capacidade lectiva e titorial das distintas figuras do profesorado continúan a ser as que se establecen no R.D. 898/1985 sobre Réxime do Profesorado Universitario, modificado e completado polo R.D. 1200/1986, R.D. 554/1991 ademais do convenio colectivo de PDI. En atención ás especiais circunstancias que se derivan da implantación das titulacións adaptadas a EEES e a súa coexistencia coas titulacións actuais, sen prexuízo da súa revisión en tanto se dispoña dunha nova regulación ao respecto, para o curso 2010-11 considerárase que actividade titorial do profesorado pode distribuírse en titorías programadas polo/a profesor/a (en despacho e/ou virtuais) e titorías en aula, programadas polos centros nos que exerza a súa actividade lectiva.

O número de horas de titorías en aula para cada figura de profesorado en ningún caso superará o 50% da súa capacidade titorial.

CAPACIDADE LECTIVA¹ NON CLÍNICA DA ÁREA

É a suma da capacidade lectiva non clínica das prazas da área non vacantes e da capacidade lectiva non clínica das prazas de investigadores RC, IPP e similares que verifiquen os requisitos para participar na docencia.

CAPACIDADE LECTIVA CLÍNICA DA ÁREA

É a suma das capacidades lectivas clínicas das prazas de profesorado non vacantes da área.

Capacidade lectiva non clínica das distintas figuras do profesorado.

- Profesorado a Tempo Completo:
 - Catedráticos de Universidade, Catedráticos de Escola Universitaria, Titulares de Universidade, Profesores Contratados Doutores, Profesores Axudantes Doutores, Profesores Colaboradores doutores, Profesores asociados a tempo completo o abeiro do artigo 33 da L.R.U.(que non teñan contrato con dedicación preferente en Escola Universitaria -T2-), Profesores Titulares de Escola Universitaria doutores que xustifiquen realizar labores de I+D+I segundo o ANEXO I: 8 horas /semana ou 240 horas/ano.
 - Profesores Titulares de Escola Universitaria (doutores e non doutores), Profesores Colaboradores non doutores, Profesores asociados a tempo completo o abeiro do artigo 33 da L.R.U.(que teñan contrato con dedicación preferente en Escola Universitaria -T2-), Persoal para

¹ Cando non se mencione especificamente, a referencia á CAPACIDADE LECTIVA sempre se refire á CAPACIDADE LECTIVA NON CLÍNICA.

lectorados de linguas modernas ou estranxeiras : 12 horas/semana ou 360 horas/ano.

- Prazas de Profesorado con dedicación parcial P6 : 6 horas/semana ou 180 horas/ano
 - Prazas de Profesorado con dedicación parcial P3: 3 horas/semana ou 90 horas/ano
 - Axudantes LOU: 4 horas/semana ou 120 horas/ano
 - Axudantes LOMLOU: 2 horas/semana ou 60 horas/ano
 - Profesorado estable con praza asistencial vinculada: $\frac{3}{4}$ da súa capacidade total: Tempo completo: 6 horas/semana ou 180 horas/ano– Tempo parcial P6: 4,5 horas/semana ou 135 horas/ano.
 - Profesorado con praza asistencial vinculada mediante convenio: Segundo o especificado no convenio.
 - Investigadores RC, IPP ou similares: Segundo as convocatorias respectivas, previa verificación dos requisitos para a participación na docencia.
- **Capacidade lectiva clínica das figuras de profesorado con capacidade de docencia clínica**
 - Profesorado estable con praza asistencial vinculada: $\frac{1}{4}$ da súa capacidade total: Tempo completo: 2 horas/semana ou 60 horas/ano– Tempo parcial P6: 1,5 horas/semana ou 45 horas/ano.
 - Profesorado con praza asistencial vinculada mediante convenio: Segundo o especificado no convenio.
 - Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde (PACS) con docencia só de práctica clínica (asistencial): 15 horas/semana ou 450 horas/ano.

CAPACIDADE TITORIAL DUNHA ÁREA

É a suma da capacidade titorial das distintas figuras do profesorado da área de acordo coa normativa de aplicación.

- **Capacidade de titoría das distintas figuras do profesorado.**
 - Profesorado a Tempo Completo: Catedráticos de Universidade, Catedráticos de Escola Universitaria, Titulares de Universidade, Profesores Contratados Doutores, Profesores Axudantes Doutores, Profesores Colaboradores doutores, Profesores Titulares de Escola Universitaria (doutores e non doutores), Profesores Colaboradores non doutores, Profesores asociados a tempo completo o abeiro do artigo 33 da L.R.U. e Persoal para lectorados de linguas modernas ou estranxeiras : 6 horas/semana ou 180 horas/ano.
 - Prazas de Profesorado con dedicación parcial P6 : 6 horas/semana ou 180 horas/ano
 - Prazas de Profesorado con dedicación parcial P3: 3 horas/semana ou 90 horas/ano
 - Axudantes LOU: 4 horas/semana ou 120 horas/ano
 - Axudantes LOMLOU: 2 horas/semana ou 60 horas/ano

- Profesorado estable con praza asistencial vinculada: $\frac{3}{4}$ da súa capacidade total: Tempo completo: 6 horas/semana ou 180 horas/ano– Tempo parcial P6: 4,5 horas/semana ou 135 horas/ano.
- Profesorado con praza asistencial vinculada mediante convenio: Segundo o especificado no convenio.
- Investigadores RC, IPP ou similares: Igual número que o de horas lectivas, segundo as convocatorias respectivas, previa verificación dos requisitos para a participación na docencia.

NECESIDADES LECTIVAS E TITORIAIS DAS ÁREAS DE COÑECEMENTO - 2010-11

O cálculo sobre necesidades por obrigas docentes que se propoñen están baseados nos criterios para a determinación das necesidades aprobados en Consello de Goberno (CG 05/02/04, CG 20/06/05 e CG 12/05/2004) para as titulacións non adaptadas ao EEES e os acordos sobre adscrición de materias, asignación de docencia en Materias de Grao e Máster (CG 19/11/09, CG 21/12/09, CG 17/02/10), o acordo para o recoñecemento da actividade investigadora na dedicación do profesorado (CG 11/10/07) e demais normativa vixente en materia de profesorado universitario.

A proposta está dirixida especificamente á organización académica do curso 2010-11, contemplando, por unha banda, á situación excepcional nas necesidades docentes que se produce pola coincidencia na implantación das novas titulacións de Grao e Máster adaptadas á EEES coas titulacións actuais, e pola outra a complicada situación económica actual que limita ás posibilidades de atender todas esas necesidades.

A) MÓDULO DE ALUMNOS/GRUPO

A.1) Módulo alumnos/grupo, segundo o tipo de docencia en titulacións non adaptadas ao EEES

- Teoría e práctica de encerado
 - 1º ciclo: 125 alumnos por grupo
 - 2º ciclo: 75 alumnos por grupo
- Seminario:
 - 1º ciclo: 60 alumnos por grupo.
 - 2º ciclo: 40 alumnos por grupo.
- Laboratorio/ordenador: 20 alumnos por grupo
- Clínicas:
 - Clínica con pacientes humanos: 5 alumnos por grupo.
 - Outras clínicas asistenciais: 7 alumnos por grupo.
 - Outras clínicas non asistenciais: 10 alumnos por grupo
- Proxectos Fin de Carreira (PFC): máximo de 5 alumnos por profesor e curso académico.

En teoría, práctica de encerado e seminarios establécese un novo grupo cando, de non facelo, o número de alumnos en cada grupo creado supere nun 25% o módulo de alumnos establecido para a docencia de que se trate; en laboratorio e docencia clínica o novo grupo constituírse cando supere o 50%.

A.2) Módulo alumnos/grupo, segundo o tipo de docencia en titulacións adaptadas ao EEES (Grao e Máster)

Titulacións de Grao

- Docencia expositiva: 80 alumnos por grupo
- Docencia interactiva: 20 alumnos por grupo
- Titoría en aula: 10 alumnos por grupo
- Clínicas:
 - Clínica con pacientes humanos: 5 alumnos por grupo.
 - Outras clínicas asistenciais: 7 alumnos por grupo.
 - Outras clínicas non asistenciais: 10 alumnos por grupo
- Proxectos Fin de Grao (TFG): máximo de 5 alumnos por profesor-director e curso académico (10 alumnos para profesor-director e profesor-codirector), garantindo a dirección a todos os alumnos matriculados.
- Prácticas Externas de Grao: máximo de 30 alumnos a titorizar por profesor e curso académico, garantindo a titoría a todos os alumnos matriculados.

Titulacións de Máster

- Docencia expositiva: 45 alumnos por grupo
- Docencia interactiva: 15 alumnos por grupo
- Titoría en aula: 5 alumnos por grupo
- Clínicas
 - Docencia clínica con pacientes humanos: 2 alumnos por grupo
 - Outras docencias clínicas asistenciais: 3 alumnos por grupo
 - Outras docencias clínicas non asistenciais: 5 alumnos por grupo
- Proxectos Fin de Máster (TFM): máximo de 2 alumnos por profesor e curso académico (4 para profesor-director e profesor-codirector), garantindo a dirección a todos os alumnos matriculados.
- Prácticas Externas de Máster: máximo de 30 alumnos a titorizar por profesor e curso académico, garantindo a titoría a todos os alumnos matriculados.

En docencia expositiva establécese un novo grupo cando de non facelo o número de alumnos en cada grupo creado supere nun 10 % o módulo de alumnos establecido para a docencia; no caso da docencia interactiva a porcentaxe para un novo grupo será do 25%; en titoría en aula e docencia clínica a porcentaxe para o novo grupo será do 50% do módulo de alumnos correspondente.

B) CÓMPUTO DO NÚMERO DE ALUMNOS

B.1) Titulacións non adaptadas ao EEES

- Matrícula actualizada do curso 2009/2010 (a contar dende a data de comezo da Programación Académica anual do curso 2010/2011).
- Contabilízanse o alumnado novo máis un 25% do alumnado repetidor.
- Para os Proxectos Fin de Carreira, dada a existencia de varias convocatorias, terase en conta a matrícula definitiva en todas as convocatorias do curso anterior (2008/2009).

B.2) Titulacións adaptadas ao EEES

- Matrícula actualizada do curso 2009/2010 (a contar dende a data de comezo da Programación Académica anual do curso 2010/2011) e previsión de matrícula de estudantes incluída nas correspondentes memorias de título ou outras análises específicas para aquelas materias que se implanten por primeira vez durante o curso 2010/2011.
- Contabilízanse os alumnos de nova matrícula máis un 40% dos alumnos repetidores.
- Para os Traballos Fin de Grao, tomarase a matrícula actualizada do curso anterior (2009/2010) ou, cando sexa a primeira vez, o 75% do número de matriculados no penúltimo curso do Grao.
- Para os Traballos Fin de Máster, terase en conta a matrícula definitiva do curso anterior (2009/2010) para másteres de máis dun curso académico, ou xa implantados no curso 2009/2010, e a estimación das memorias correspondentes e/ou outras análises para másteres dun único curso académico a implantar no curso 2010/2011.

C) NECESIDADES POR OBRIGAS DOCENTES²

² En todo caso, a Vicerreitoría con competencias en organización docente poderá autorizar na PAA a impartición de docencia que non compute nas necesidades lectivas e/ou titorías das áreas segundo o que

É a suma das necesidades lectivas (non clínicas e clínicas) e as necesidades de titorías.

Necesidades lectivas (non clínicas, clínicas)

Necesidades lectivas (non clínicas, clínicas) = Necesidades lectivas (non clínicas, clínicas) en titulacións non adaptadas ao EEES (1º e 2º ciclo) + Necesidades lectivas (non clínicas, clínicas) en Grao + Necesidades lectivas (non clínicas, clínicas) en Máster.

Necesidades de titorías

Necesidades titoriais = Necesidades titoriais en titulacións non adaptadas ao EEES (1º e 2º ciclo) + Necesidades titoriais en Graos + Necesidades titoriais en Másteres.

C.1) NECESIDADES POR OBRIGAS DOCENTES EN TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES (1º E 2º CICLOS)

C.1.1) Necesidades lectivas

- Necesidades lectivas en materias de 1º e 2º ciclos encargadas á área = nº de horas lectivas en cada tipo de docencia x nº de grupos segundo o correspondente módulo. Suma por materias.
- Non computan as materias de libre elección específica
- Non computan as materias optativas de menos de 10 alumnos novos que non sexan vinculadas. Cando a docencia dunha materia/ Proxecto Fin de Carreira/ Practicum/ Estancias é impartida por varias áreas, as horas totais repártense entre estas.

C.1.2) Necesidades de titorías

Necesidades de titorías: son o resultado de aplicar á capacidade total de titoría do profesorado da área a porcentaxe que representan as horas lectivas totais impartidas en titulacións non adaptadas ao EEES sobre a capacidade lectiva total do profesorado da área.

C.2) NECESIDADES POR OBRIGAS DOCENTES EN GRAOS

C.2.1) Necesidades lectivas en Grao:

- Necesidades lectivas en materias de Grao con docencia asignada á área: Suma por materias de:

n° de horas de docencia expositiva x n° de grupos de docencia expositiva + n° de horas de docencia interactiva x n° de grupos de docencia interactiva.

se establece nos apartados seguintes, e sempre que a capacidade lectiva e de titoría o permitan. Neste caso, a docencia impartida será considerada no POD do profesorado. Exemplo materias optativas non vinculadas de licenciaturas con menos de 10 alumnos, grupos adicionais fora dos módulos establecidos, etc.

Os datos que se utilizan como referencia para cada grupo de docencia asignado, considerando unha materia tipo de 6 ECTS, son: 4 horas por crédito en docencia expositiva e 4 horas por crédito de docencia interactiva.

- Necesidades por horas lectivas na dirección de Traballos de Fin de Grao (TFG) asignados á área: número de alumnos x nº de horas lectivas por dirección, de acordo coa seguinte táboa en función dos créditos do TFG:

Nº ECTS do TFG	6 ECTS	6 < ECTS ≤12	12 < ECTS ≤18	18 < ECTS
Horas lectivas	1,5	2	2,5	3

- Necesidades por horas lectivas na dirección en Prácticas Externas de Grao (PEG) asignadas á área: número de alumnos x nº de horas lectivas por dirección, de acordo coa seguinte táboa en función dos créditos das prácticas externas:

Nº ECTS das PEG	ECTS≤6	6 < ECTS ≤12	12 < ECTS ≤18	18 < ECTS
Horas lectivas	0,3	0,4	0,5	0,6

A efectos organizativos, computarase por separado as necesidades das materias asignadas á área e adscritas co coeficiente de afinidade 3 das adscritas cos coeficientes 2 ou 1, incluídos os Traballos Fin de Grao e as Prácticas Externas. Tamén se distinguirán as necesidades lectivas non clínicas das clínicas.

C.1.2) Necesidades de titorías en Graos

- Necesidades titorías en materias de Grao con docencia asignada á área. Suma por materias de:

nº de horas de titoría x nº de grupos de titoría.

Utilízase como referencia para cada grupo de titoría dunha materia-tipo de 6 ECTS: 0,5 horas de titoría por cada crédito ECTS.

- Necesidades pola titoría de Traballos de Fin de Grao (TFG) asignados á área: número de alumnos x nº de horas de titoría por alumno, de acordo coa seguinte táboa en función dos créditos do TFG:

Nº ECTS do TFG	6 ECTS	6 < ECTS ≤12	12 < ECTS ≤18	18 < ECTS
Horas titoría	5	6	8	9

- Necesidades pola titoría das Prácticas Externas de Grao (PEG) asignadas á área: número de alumnos x nº de horas de titoría por alumno, de acordo coa seguinte táboa en función dos créditos das prácticas externas:

Nº ECTS das PEG	ECTS≤6	6 < ECTS ≤12	12 < ECTS ≤18	18 < ECTS
Horas titoría	1	1,25	1,5	1,75

A efectos organizativos, computarase por separado as necesidades das materias asignadas á área e adscritas con coeficiente de afinidade 3 das adscritas con coeficientes 2 ou 1, incluídos os Traballos Fin de Grao e as Prácticas Externas.

C.3) NECESIDADES POR OBRIGAS DOCENTES EN MÁSTERES

C.3.1) Necesidades lectivas en Máster

- Necesidades lectivas en materias de Máster con docencia asignada á área: Suma por materias de:

n° de horas de docencia expositiva x n° de grupos de docencia expositiva + n° de horas de docencia interactiva x n° de grupos de docencia interactiva

Os datos que se utilizan como referencia para cada grupo de docencia asignado, considerando unha materia tipo de 6 ECTS, son: 3 horas por crédito en docencia expositiva e 4 horas por crédito en docencia interactiva.

- Necesidades por horas lectivas en Traballos de Fin de Máster (TFM) asignados á área: número de alumnos x n° de horas lectivas-alumno, de acordo coa seguinte táboa en función dos créditos do TFM:

Nº ECTS do TFM	6 ECTS	6 < ECTS ≤12	12 < ECTS ≤18	18 < ECTS
Horas lectivas	2,5	3	3,5	4,5

- Necesidades por horas lectivas en Titoría de Prácticas Externas de Máster (PEM) asignadas á área: número de alumnos x n° de horas lectivas-alumno, de acordo coa seguinte táboa en función dos créditos das prácticas externas:

Nº ECTS das PEM	ECTS≤6	6 < ECTS ≤12	12 < ECTS ≤18	18 < ECTS
Horas lectivas	0,3	0,4	0,5	0,6

A efectos organizativos, computarase por separado as necesidades das materias con docencia asignada á área e adscritas con coeficiente de afinidade 3 das adscritas con coeficiente 2 ou 1, incluídos os Traballos Fin de Máster e as Prácticas Externas. Tamén se distinguirán as necesidades lectivas non clínicas das clínicas.

C.3.2) Necesidades de titorías en Másteres

- Necesidades de titorías en materias de Máster con docencia asignada á área. Suma por materias de:

n° de horas de titoría x n° de grupos de titoría.

Utilízase como referencia para cada grupo de titoría dunha materia-tipo de 6 ECTS: 1 horas de titoría por cada crédito ECTS.

- Necesidades polas titorías dos Traballos de Fin de Máster (TFM) asignados á área: número de alumnos x n° de horas titoría-alumno, de acordo coa seguinte táboa en función dos créditos do TFM:

Nº ECTS do TFM	6 ECTS	6 < ECTS ≤12	12 < ECTS ≤18	18 < ECTS
Horas titorías	7,5	9	12	13,5

- Necesidades pola Titoría de Prácticas Externas de Máster (PEM) asignadas á área: número de alumnos x n° de horas titorías-alumno, de acordo coa seguinte táboa en función dos créditos das prácticas externas:

Nº ECTS das PEM	ECTS≤6	6 < ECTS ≤12	12 < ECTS ≤18	18 < ECTS
Horas titoría	1	1,25	1,5	1,75

A efectos organizativos, computarase por separado as necesidades das materias con docencia asignada á área e adscritas con coeficiente de afinidade 3 das adscritas con coeficiente 2 ou 1, incluídos os Traballos Fin de Máster e as Prácticas Externas.

Para o curso 2010-11, as necesidades lectivas e de titorías nos másteres (exluídos os interuniversitarios e os internacionais) só computarán cando o número de alumnos matriculados por primeira vez sexa igual ou superior a 10.

D) RECOÑECIMIENTO DO ESFORZO INVESTIGADOR

Os Departamentos, unha vez atendidas todas as necesidades lectivas e de titorías asignadas, aplicarán ao seu profesorado, na medida do posible, o recoñecemento do esforzo investigador individual que lle corresponda (ver ANEXO II).

O recoñecemento do esforzo investigador está medido en horas docentes equivalentes e a redución será aplicada polo/a profesor/a ás horas lectivas e ás horas de titoría que teña asignadas.

A porcentaxe do recoñecemento do esforzo investigador que as áreas non poidan aplicar será tida en conta nos criterios de decisión de prazas.

E) RECOÑECIMIENTO DO ESFORZO DOCENTE

As áreas que, logo de atendidas todas as necesidades docentes definidas nos apartados anteriores, aínda dispoñan de capacidade lectiva e/ou titora poden aplicar ao seu profesorado os seguintes recoñecementos do esforzo docente, medidos todos eles en horas docentes equivalentes que se aplicarán ás horas lectivas e ás horas de titoría que teña asignadas o/a profesor/a.

E.1) Recoñecemento do esforzo docente en titulacións non adaptadas ao EEES (1º e 2º ciclos)

Co fin de ter en conta o maior esforzo ligado aos grupos cun maior número de estudantes, as horas de teoría de cada materia irán afectadas dun factor corrector recollido na seguinte táboa. Neste caso, o cómputo dos repetidores non poderá exceder o 20% dos estudantes de nova matrícula.

1º ciclo	até 75	76-100	> 100
	1	1.1	1.2
2º ciclo	até 50	51-70	> 70
	1	1.1	1.2

E.2) Recoñecemento polas seguintes actividades de xestión e coordinación nas titulacións non adaptadas ao EEES

- Coordinación de intercambios de estudantes : 10 horas por coordinar de 3 a 7 estudantes, 15 horas por atender entre 8 e 15, e 20 por máis de 15 estudantes.
- Dirección de Traballos Academicamente Dirixidos: o 5% dos créditos dos traballos aprobados o curso anterior ata un máximo de 1 crédito (10 horas) por docente e curso, repartido proporcionalmente no caso de ter máis dun/ha director/a.

- Apoio titorial extraordinario a razón de 2 horas lectivas e 6 horas de titorías por alumno-materia (máximo 2 materias).

E.3) Recoñecemento polas seguintes actividades de xestión e coordinación nas titulacións adaptadas ao EEES

- Coordinador/a de grao: 35% (84 horas) da capacidade dun PDI-tipo nos 2 primeiros anos, e 25% (60 horas) no resto dos anos.
- Coordinador/a de prácticas externas de grao³: 35% (84 horas) da capacidade dun PDI-tipo nos 2 primeiros anos, e 25% (60 horas) no resto dos anos.
- Coordinador/a xeral de curso; 15% (36 horas) da capacidade dun PDI-tipo para cursos con máis de 2 grupos de docencia expositiva e 10% (24 horas) para cursos con 2 ou menos grupos.
- Coordinador/a xeral de materia: 3% (7, 2 horas) da capacidade dun PDI-tipo para materias con máis de 2 grupos de docencia expositiva e 2% (4,8 horas) para materias con 2 ou menos grupos.
- Coordinación de intercambios de estudantes : 10 horas por coordinar de 3 a 7 estudantes, 15 horas por atender entre 8 e 15, e 20 por máis de 15 estudantes.

E.4) Recoñecemento por docencia en inglés en titulacións adaptadas ao EEES

Co fin de ter en conta o maior esforzo ligado a preparación e impartición de docencia en inglés, as horas lectivas de cada materia e grupo de docencia nese idioma, irán afectadas dun factor corrector de 1.3 nos tres primeiros anos.

E.5) Recoñecemento por actividades de investigación dos profesores titulares e profesores colaboradores non doutores

Rebaixar a 240 horas lectivas aos TEU e Profesores Colaboradores non doutores que xustifiquen realizar actividades de I+D+I, nos mesmos termos que os especificados para os TEU doutores para a definición da súa capacidade lectiva.

³ Terase en conta un máximo de 1 coordinador/a por centro, agás que no mesmo se impartan titulacións cun alto nº de alumnos en prácticas, en cuxo caso valorarase a necesidade de incrementar o recoñecemento ou de conceder un coordinador/a por cada titulación. No caso de que as prácticas se realicen a través dun alto número de convenios con empresas ou pequenas entidades cuxa coordinación e xestión requira unha alta dedicación de tempo, estudarase a necesidade da creación dunha Oficina de Seguimento das Prácticas que se encargaría do traballo administrativo diario na xestión e coordinación das mesmas.

ANEXO I

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA DOS TEU E PROFESORES COLABORADORES

Nos casos que sexa de aplicación, a capacidade lectiva dos/as Profesores/as Titulares de Escola Universitaria (doutores/as e non doutores/as) será reducida en 120 horas/ano, quedando en 240 horas/ano, sempre que obteña unha puntuación mínima de 2 puntos na avaliación da súa actividade investigadora, de acordo co seguinte baremo*:

- Ter dirixido polo menos unha tese de doutoramento (ou codirixido polo menos dúas teses) nos últimos tres anos (o que se acreditará mediante certificación emitida polo CPTF): *1 punto*.
- Ter participado nalgún proxecto ou contrato de investigación, financiado polas administracións públicas ou por entidades privadas, nos últimos tres anos ou que se encontre en vigor no momento da solicitude: *1 punto*.
- Ter recoñecido algún sexenio de actividade investigadora nos últimos dez anos: *1 punto*.
- Puntuación por produción científica**, referida aos tres últimos anos:
 - Se é igual ou superior á puntuación media da área de coñecemento correspondente: *2 puntos*.
 - Se está comprendida entre o 50% e o 100% da puntuación media da área de coñecemento correspondente: *1 punto*.
- A puntuación que se especifica en cada apartado é máxima e a única que se pode obter no mesmo en caso de verificación positiva do requisito. En caso contrario, a puntuación do apartado é 0.

** Suma de puntos correspondentes aos indicadores que se valoran na produción científica da USC.

ANEXO II

ACORDO PARA O RECOÑECIMENTO DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA NA DEDICACIÓN DO PROFESORADO UNIVERSITARIO NA USC

No presente documento figuran os criterios e instrucións que deberán aplicarse para incluír o recoñecemento da actividade investigadora do profesorado na redución da capacidade docente lectiva e de titoría do profesorado. Non se aportan novidades con respecto ao curso 2009/2010.

A actividade investigadora incorporárase ao cómputo da dedicación ordinaria do PDI mediante a valoración en *horas docentes equivalentes* dun número reducido de indicadores de valoración obxectiva e aplicables a todas as áreas de coñecemento, e que se relacionan co desenvolvemento dunha actividade investigadora significativa. Os indicadores seleccionados pretenden valorar dentro da actividade do PDI, (1) o desenvolvemento continuado de investigación de calidade (identificable a través do recoñecemento de tramos de investigación ou **sexenios**), (2) a capacidade de desenvolver proxectos de investigación financiados a través de convocatorias competitivas (**participación en proxectos**) e, (3) a participación en tarefas de formación de investigadores/as (recoñecible a través da **dirección de teses de doutoramento**).

Criterios xerais e procedemento de aplicación

- 1) A valoración en “horas docentes equivalentes” aplicarase individualmente a cada profesor/a.
- 2) Cada departamento encargárase de determinar os valores dos indicadores da actividade investigadora do seu profesorado e da súa transformación en horas docentes equivalentes, de acordo cos criterios establecidos para ese efecto. O resultado desta valoración será tido en conta no cálculo da capacidade lectiva e de titorías docente neta das áreas de coñecemento que servirá na elaboración da PAA dos Graos e Másteres, POD's, normativa de mobilidade intercampus e calquera outro que regulamentariamente se establezan.
- 3) As valoracións contempladas neste acordo aplicaranse só ao profesorado con dedicación a tempo completo.
- 4) O número máximo de horas docentes equivalentes a valorar a un/ha profesor/a por actividade investigadora será de **120 horas**.
- 5) O número máximo de horas docentes equivalentes a valorar a un/ha profesor/a polo desempeño dun cargo académico e máis pola súa actividade investigadora será de 180 horas (limitación aplicable a todos os cargos académicos que teñan un recoñecemento inferior a **180 horas**)
- 6) A aplicación destas medidas non poderá afectar ao obrigado cumprimento das responsabilidades docentes por parte do profesorado. Deste xeito, naquelas áreas nas que o plan de recoñecemento da actividade investigadora non poida implementarse na súa totalidade, procederáse a unha consideración parcial en función da capacidade docente da área. Esta situación de dificultade temporal para a implementación completa do plan será tida en conta nos diferentes programas e modalidades de captación de recursos humanos.

7) Os Departamentos velarán para que, na medida das súas posibilidades, o cómputo da actividade investigadora repercuta de forma efectiva na distribución do encargo docente entre os seus profesores, o que quedará adecuadamente recollido no POD.

Indicadores

- *Sexenios de investigación*

Asignaranse 20 horas equivalentes se o último sexenio obtido corresponde cun período de tempo que se solape cos 8 anos previos ao da solicitude, e 5 horas por cada sexenio anterior.

No caso de profesores que teñan recoñecidos o máximo de seis sexenios, asignaranse 20 horas ao último sexenio obtido, aínda que este fora recoñecido con anterioridade ao período de oito anos sinalado.

- *Proxectos de investigación*

O recoñecemento aplicarase por cada proxecto de investigación que estea en vigor no momento de elaborar a proposta de recoñecemento, sempre que o investigador principal pertenza á USC. O investigador principal do proxecto distribuirá a valoración docente correspondente ao proxecto entre os membros do equipo investigador, de acordo co seu criterio.

- | | |
|--|---------------|
| ✓ Proxecto Autonómico | 40 horas/ano |
| ✓ Proxecto Nacional | 60 horas/ano |
| ✓ Proxecto ou contrato singular, en convocatoria competitiva (UE, Consolider, CIBER, etc), non coordinado pola USC | 80 horas/ano |
| ✓ Proxecto ou contrato singular, en convocatoria competitiva (UE, Consolider, CIBER, etc), coordinado pola USC | 100 horas/ano |

- *Teses de Doutoramento*

Aplicarase un recoñecemento de 20 horas por cada tese defendida nos dous anos naturais previos a aquel no que se cursa a solicitude, sempre que a cualificación obtida pola tese fose de *cum laude*. O número de horas incrementarase a 30 no caso de teses europeas ou as realizadas dentro de Programas de Doutoramento con Mención de Calidade. No caso de que a tese fose dirixida por máis dun/ha doutor/a, o recoñecemento repartirase entre os mesmos. A máxima valoración que un/a profesor/a pode acadar neste apartado é de 60 horas.